



Concello de Vigo

MARCIAL GARCINUÑO SAEZ, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE VIGO,

C E R T I F I C O: Que a Comisión de Goberno na sesión ordinaria do 12 de maio de 1995, adoptou o seguinte acordo:

87(1.563).- NORMAS ORGANIZACIÓN FUNCIONAMENTO REGISTRO PARELLAS.

Quedar enterada do seguinte Decreto de Normas sobre organización e funcionamento do Registro Municipal de Parellas de Feito no Municipio de Vigo:

Artigo 1º.- O Registro Municipal de Parellas de Feito do Municipio de Vigo, creado polo acordo plenario do 3 de novembro de 1994, ten carácter administrativo e nel poderán inscribirse as unións non matrimoniais de convivencia na forma e con requisitos que se establecen nas presentes normas.

Artigo 2º.- Poderán instar a súa inscrición no Registro todas aquelas parellas, incluso do mesmo sexo, que polo su libre e pleno consentemento constituísen unha unión de convivencia non matrimonial, e sexan maiores de idade.

Cando menos un dos membros da unión deberá estar empadroado no Municipio de Vigo pola súa condición de residente habitual no mesmo. A outra persoa deberá tramita-lo empadramento en Vigo inmediatamente despois da inscrición no Registro de Parellas.

Artigo 3º.- A primeira inscrición de cada parella producirase mediante a comparecencia persoal e conxunta das dúas persoas perante a/o funcionario/a que se encargue do Registro, para declara-la existencia entre elas dunha unión de convivencia non matrimonial.

Non se procederá a practicar ningunha inscrición se algún dos comparecentes estivese afectado por deficiencias ou anomalías psíquicas. Neste caso deberá achegar dictame médico sobre a súa aptitude para consentir na constitución dunha unión de convivencia non matrimonial.

Así mesmo denegarase a inscrición, se algunha das persoas que comparecen estivese declarada incapaz para contrer matrimonio.

Artigo 4º.- Nese primeiro asento poderán facerse constar certas circunstancias relativa a súa unión persoal manifesten as persoas que comparecen. As inscricións que se refiran á terminación ou extinción da unión terán que practicarse necesariamente, xa por morte, e por vontade dun ou dos dous membros. É bastante para a extinción da unión e declaración dun deles.

Artigo 5º.- O Rexistro estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello, e situarase provisionalmente na Concellería da Muller.

Artigo 6º.- O Rexistro materializarase nun libro xeral no que se practicarán as inscricións ás que se refiren os artigos precedentes. As devanditas inscricións reflectirán o contido da declaración conxunta feita previamente pola parella na folla asinada por elas.

O libro está formado por follas numeradas, seladas e rubricadas pola concelleira da Muller e mailo secretario xeral e estará encabezada e rematará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche pola concelleira da Muller mailo secretario xeral.

Artigo 7º.- A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición básica e na marxe da mesma anotarase referencia a calquera outro asente que se produza con posterioridade no libro xeral, principal relativo a esa unión.

Artigo 8º.- O Rexistro terá tamén un libro auxiliar ordenado por apelidos das persoas inscritas no que se expresará o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

Artigo 9º.- Co fin de garanti-la intimidade persoal e familiar das e dos inscritos no Rexistro non se dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agás as certificacións que expida o/a funcionario/a que se encargue do Rexistro por instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión interesada ou dos xuíces e tribunais de Xutiza.

Artigo 10º.- As certificacións expediranse de orde e co visto e prace da concelleira-delegada da Muller.

E para que así conste e produza os seus efectos no expediente, emito a presente certificación de orde do Sr. alcalde, en Vigo a cinco de novembro de mil novecentos noventa e oito.



Mt/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,

Manuel Pérez Alvarez
Manuel Pérez Alvarez.